❖ Dios salva a los hombres, no aisladamente, sino como "pueblo", cuya cabeza es Cristo y cuya ley es el amor: "fue voluntad de Dios el santificar y salvar a todos los hombres, no aisladamente, sin conexión alguna de unos con otros, sino constituyendo un pueblo que le confesara en verdad y le sirviera santamente (…) Dios constituyó a la Iglesia a fin de que fuera para todos y cada uno el sacramento visible de esta unidad" (nº 9).

❖ Con respecto a las otras iglesias cristianas: "La Iglesia se reconoce unida por muchas razones con quienes, estando bautizados, se honran con el nombre de cristianos" (nº 15).

❖ Sobre la jerarquía de la Iglesia:"Cristo, el Señor, instituyó en su Iglesia diversos ministerios, ordenados al bien de todo el Cuerpo, pues los ministros están al servicio de sus hermanos" (nº 18).

❖ Acerca de los laicos: "con el nombre de laicos se designan aquí a todos los fieles cristianos, a excepción de los miembros del orden sagrado y los del estado religioso aprobado por la Iglesia (...) El carácter secular es lo propio y peculiar de los laicos" (nº 31).

❖ Su misión es hacer presente el Reino de Dios en la vida familiar y social: "tienen como vocación propia el buscar el Reino de Dios ocupándose de las realidades temporales y ordenándolas según Dios (...) en las condiciones ordinarias de la vida familiar y social" (nº 31).

❖ Vocación a la santidad: "todos los fieles de cualquier estado y condición están llamados a la plenitud de la vida cristiana y a la perfecta caridad, y esta santidad favorece un estilo de vida más humano" (nº 40).

❖ La profesión de los consejos evangélicos en la Iglesia: "los consejos evangélicos de castidad consagrada a Dios, de pobreza y de obediencia (...) son un don divino que la Iglesia recibió de su Señor y que con su gracia conserva siempre" (nº 43).

❖ El estado religioso es importante para la Iglesia: "su vida espiritual debe estar consagrada al bien de toda la Iglesia" (nº 44).

❖ La Iglesia alcanzará su plenitud en la gloria del cielo: "es la Iglesia sacramento universal de salvación (...) Y ya aquí en la tierra está adornada de verdadera santidad, aunque todavía imperfecta" (nº 48).

❖ Sobre la Virgen María: "Después de Cristo, la Virgen María ocupa en la Iglesia el lugar más alto y a la vez más próximo a nosotros" (54). "La Virgen está unida íntimamente con la Iglesia (...) La Iglesia con razón es llamada también virgen y madre" (nº 63).

❖ El culto a la Virgen debe tener su justo puesto en la Iglesia: "la verdadera devoción no consiste ni en un sentimentalismo estéril y transitorio ni en una vana credulidad" (nº 67).

La Iglesia es una, santa, católica y apostólica

"La Iglesia es UNA. Así como solo existe un único Cristo, solo puede existir un único cuerpo de Cristo, una única esposa de Cristo, y, por tanto, solo una única Iglesia de Cristo. Él es la Cabeza; la Iglesia es su Cuerpo (…) Así como el cuerpo tiene muchos miembros, pero es solamente uno, así la Iglesia una existe en y está formada por muchas Iglesias particulares (las diócesis)" (nº 129).

"La Iglesia es SANTA. La Iglesia no es santa porque todos sus miembros sean santos, sino porque Dios es santo y actúa en ella y por ella. Todos los miembros de la Iglesia están santificados por el bautismo" (nº 132).

"La Iglesia es CATÓLICA. "Católico" (del griego 'katholon') quiere decir estar referido a la totalidad. La Iglesia es católica porque Cristo la ha llamado a confesar toda la fe, a conservar y dispensar todos los sacramentos y a anunciar a todos la Buena Noticia; y la ha enviado a todos los pueblos" (nº 133).

"La Iglesia es APOSTÓLICA. La Iglesia se llama apostólica porque, fundada sobre los Apóstoles, mantiene su tradición y es guiada por sus sucesores" (nº 137).

(Youcat, catecismo joven de la Iglesia Católica)

Creo en la santa Iglesia Católica

"La Iglesia – pueblo peregrino en el tiempo – no nace de una convergencia de intereses humanos o del ímpetu de cualquier corazón generoso, sino que es don que procede de lo alto, fruto de la iniciativa divina…

Toda la Iglesia local se reúne en torno al signo de Cristo Pastor, que es el obispo, y encuentra su expresión más elevada en la eucaristía presidida por él…

La unidad de la Iglesia católica se manifiesta en la eucaristía, 'sacramento de unidad', pan único de vida eterna, del que nace el único Cuerpo de Cristo…

Alimentada por el pan de vida, viático de los peregrinos, la Iglesia está en camino hacia la tierra prometida, llamada a una purificación continua y a una renovación incesante, hasta que llegue el tiempo en el que el mundo entero será la patria de Dios".

(Bruno Forte, *La puerta de la fe,* Sal Terrae, Santander 2012)

CULTURA

O Día das Letras Galegas para Díaz Castro

Félix Villares Mouteira

Por fin, si. O Día das Letras Galegas de 2014 vai estar dedicado ó poeta Xosé María Díaz Castro, membro destacado da chamada *Escola Poética do Seminario de Mondoñedo*. Así o acordou o plenario da Real Academia Galega celebrado a comezos do pasado verán. O dezanove de febreiro de 2014 van cumprirse os cen anos do seu nacemento na barrio do Vilariño, na parroquia guitiricense de San Vicenzo dos Vilares.

O Día das Letras Galegas para este poeta nacido na Chaira foi reiteradamente pedido desde o Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo, desde esta publicación diocesana *Dumio,* desde a revista *Amencer,* desde a Asociación Xermolos de Guitiriz, desde o IES "Díaz Castro" de Guitiriz e desde outros colectivos. Por fin, conseguiuse.

Xosé María Díaz Castro é o cuarto poeta, que se formou nas aulas do Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo, ó que lle dedican o Día das Letras Galegas. O primeiro foi Antón María Noriega Varela a quen se lle dedicou no ano 1969 ó cumprírense os cen anos do seu nacemento en Mondoñedo. O seguinte foi o vate mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro homenaxeado no ano 1983. A Aquilino Iglesia Alvariño dedicóuselle o Día das nosas Letras no ano 1986. E agora, o ano que vén, como queda dito, o poeta homenaxeado vai ser Xosé María Díaz Castro. Como pode verse trátase de dous poetas nacidos na vella cidade episcopal de Mondoñedo e outros dous nacidos na Terra Chá, terra que, como dicía Manuel María (esperamos que lle dediquen o Día das Letras Galegas de 2015), *"imprime carácter"*.

Xosé María Díaz Castro, na opinión da maioría dos espertos e dos críticos literarios, é un dos mellores poetas de Galicia, é unha das mellores voces poéticas deste vello país, situado na Fisterra de Europa. Un país cunha lingua de seu. Un país, como moi ben dixo un dos seus fillos máis egrexios, *"dos dez mil ríos", "dos mil vales", "un país fermoso e eternamente verde"*.

Francisco Fernández del Riego escribiu: *"Lendo as páxinas de Nimbos decátase un de que o seu autor posee unha linguaxe fiel, cinguida, e suntuosa ao mesmo tempo; unha linguaxe de imaxes xustas, sorprendentes de riqueza e de poder de evocación. Unha linguaxe, ao cabo, que vai onde debe ir, sen o menor desmán oratorio. Posee, tamén, unha raizame clásica. Decántase e acéndrase de xeito ascensional, ata cristalizar nunha estética de personalismo enxisgo. Ben se bota de ver, polo dito, que Díaz Castro non pertenece ao grupo de escritores que "traballan" para a súa propia gloria. Aínda que iso non deixou de perxudicar o esparexemento da súa maducerida poesía, valora positivamente o acento que singulariza"*[1].

Tempo haberá, ó longo do ano 2014, de ir esmiuzando a poesía e a traxectoria vital de Xosé María Díaz Castro.

[1] FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO, "A imperdible voz do poeta", en *Homenaxe a X. M. Diaz Castro,* 1987, Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, páxina 44

La lógica del don, Francesc Torralba

Editorial Khaf, Barcelona 2011, 165 páx.

Estamos chamados a dar o que somos, a revelar o que levamos dentro ó mundo e ós outros. Somos don e estamos feitos para o don. Só nese movemento de exteriorización radica a felicidade. Comprender a propia existencia desde a lóxica do don significa decatarse que o fin especial de vivir consiste en dar o que un é. Para iso, resulta indispensable indagar o que un é, cáles son os seus dons e as súas capacidades. Esta é a proposta que o filósofo e teólogo catalán plantea nestas páxinas, que non deixan indiferente.

"O valor dun home debería xulgarse en función do que dá e non do que recibe" (Albert Einstein)

Turbo, USA 2013.



Director: David Soren
Xénero: Animación
Duración: 96 minutos

Teo é un inconformista caracol de xardín, farto do seu traballo ecoloxico-agrícola e apaixoado polas carreiras de coches, que ve en TV. O seu soño é converterse no caracol máis rápido do mundo. Logo de sufrir un accidente, adquire o máxico poder da supervelocidade, cambia o nome polo de Turbo e lánzase na procura de aventuras. Nesas aventuras aprende que ninguén trunfa por si só e que necesitará un bo equipo para competir.

A animación é de alta calidade, as escenas de carreiras son espectaculares e a trama resulta entretida. Seguro que gustará ó público infantil a quen vai dirixida especialmente, e resulta positiva no seu eloxio idealista do afán de superación - "Ningún soño é demasiado grande nin ningún soñador, demasiado pequeno" - e do traballo en equipo.

dumio
PUBLICACIÓN MENSUAL DA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Editores:
La Voz de Galicia
Servicio Diocesano de Comunicación

Enderezo Postal
Apdo. 176 - 15480 Ferrol (A Coruña)

Director:
Antonio Rodríguez Basanta

Redacción:
Ana M. Barro
Javier Martínez
Concha Quintela
Antonio Valín
Félix Villares

Deseño e Impresión:
La Voz de Galicia

Enderezo electrónico:
dumio@mondonedoferrol.org

Dumio na WEB:
www.mondonedoferrol.org
www.lavozdegalicia.es

En Twitter: @mondonedoferrol

En Facebook: www.facebook.com/mondonedoferrol

DIOCESE

Órdenes religiosas que sembraron la fe en la Diócesis

Los Franciscanos y el espíritu franciscano que permanece...

Francisco Xabier Martínez Prieto

Casi al clausurar este año de la fe, seguimos recordando con agradecimiento en nuestra diócesis el trabajo de aquellas órdenes que sembraron la Palabra con su tarea evangelizadora y su presencia de siglos. Es el caso de las órdenes religiosas conventuales y monacales masculinas de las que carecemos en nuestra diócesis a día de hoy, pero a las que debemos parte de nuestra evangelización. Al mismo tiempo no podemos olvidarnos de que hace poco más de un mes que un sacerdote diocesano de Mondoñedo-Ferrol, D. Javier Rodríguez Couce, ingresaba en el Monasterio de San Julián de Samos. Este hecho último pone de manifiesto la valoración y el interés de nuestra diócesis por una opción y vocación en la vida de la Iglesia necesaria e insustituible, plasmada claramente en la vida contemplativa.

Nos acercamos en este número a la orden de los hermanos franciscanos, que llegó a nuestra diócesis de Mondoñedo-Ferrol en vida del propio San Francisco (1182-1226+), y según la tradición recogida por los cronistas de la Orden a través de un discípulo directo de San Francisco, fundándose Ribadeo en 1214 y Viveiro en 1219. En el caso de Mondoñedo debemos de recordar el Convento de San Martiño de Vilalourente, conocido por "los Picos", del que tenemos datos desde 1348 pero del que desconocemos exactamente su fundación. Con el tiempo y ya en el siglo XVIII los franciscanos seguirían dejando su presencia y su huella en Mondoñedo a través del Convento neoclásico de Alcántara. En la tradición de haber sido fundado también por un discípulo de San Francisco se encuentra el desaparecido convento de San Francisco de Ferrol, que fue reconstruido en el siglo XVIII y del que permanece el actual templo neoclásico unido a la capilla de la Venerable Orden Tercera. El primitivo convento franciscano de Ferrol estaría vinculado por su cercanía al Convento franciscano de Santa Catalina de Montefaro edificado en 1393.

Muchas de las Plazas Mayores y parques de nuestras localidades han sido

posibles en medio de las áreas edificadas de nuestras ciudades gracias a las huertas de los Conventos. En todos los casos de presencia franciscana en nuestra diócesis se conserva lo que denominamos Orden Tercera, y que significó la presencia del carisma franciscano en la vida comunitaria de los seglares. Este trabajo de evangelización presente en la vida de los pueblos favoreció que el espíritu franciscano permanezca vivo en las comunidades y cofradías que se encargan de compartir y vivir ese espíritu de la Orden Tercera.

La presencia franciscana contribuyó en nuestra diócesis a difundir el valor de la caridad cristiana en los más pobres, este carácter pesó especialmente en los gremios y grupos de vida que a lo largo de los siglos se vieron acompañados por la predicación y espiritualidad franciscana. El carisma de la predicación y de la evangelización de esta orden mendicante contribuyó, junto a sus hermanos dominicos, a la creación de imaginería fundante de las Semanas Santas de Ribadeo, Mondoñedo, Viveiro y Ferrol. Buena parte de las tradiciones y vivencias religiosas que todavía permanecen vivas en su sustrato religioso beben del trabajo de evangelización llevado a cabo.

Ante el VIII Centenario de la peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela, que se celebrará en el 2014, recordamos con esta humilde reseña las raíces franciscanas de nuestra fe mindoniense, desde el reconocimiento y el afecto por una figura de la Iglesia recuperada en su máxima actualidad por el papado presente.

Faragullas

Félix Villares Mouteira

INAUGURACIÓN DO CURSO NO SEMINARIO

O pasado día once deste mes de outubro tivo lugar no Seminario Santa Catarina de Mondoñedo a inauguración oficial do curso 2013/2014. Ás cinco da tarde, na Aula "Crecente Vega" houbo un acto académico que comezou cunha breve oración. Despois procedeuse á lectura das Memorias do curso 2012/2013 tanto do Seminario Maior como do Seminario Menor. Logo o bispo da Diocese, que presidiu o acto, pronunciou un relatorio sobre o Papa Francisco. A continuación, nunha das capelas, tivo lugar a Eucaristía que presidiu don Manuel Sánchez Monge e que concelebraron máis de vinte sacerdotes. Remataron os actos cun "viño galego". A esta inauguración oficial aisistiron os reitores dos Seminarios Maior e Menor e os formadores, os alumnos, os pais e familiares dos mesmos, algúns profesores eméritos e varios sacerdotes, entre os que encontraba o Vigairo Xeral.

ESCOLA DIOCESANA DE AXENTES DE PASTORAL

A Escola Diocesana de Axentes de Pastoral de Mondoñedo-Ferrol comezou o curso 2013/2014 coa lección inaugural que correu a cargo do Delegado Episcopal de Liturxia, o Rvdo. Pedro Rodríguez Paz, e que tivo lugar o pasado día quince na Capela da Universidade, sita no barrio de Esteiro en Ferrol e ó día seguinte no Colexio "Martínez Otero" de Foz. O tema da lección inaugural foi "Calendario particular da Diocese de Mondoñedo-Ferrol".

A Escola Diocesana de Axentes de Pastoral, que dirixe o profesor Benito Méndez Fernández, conta con catro sés: en Ferrol, en Foz, en Viveiro e en Vilalba. O plan de formación básico consta de catro cursos académicos. Os horarios están estruturados en dúas sesións que se levan a cabo de vinte a vinte e dúas horas todos os luns. Os destinatarios destes cursos son: catequistas, axentes de pastoral, laicos con responsabilidades, voluntarios, maiores, membros das confarías, xoves... A organización do curso terá como soporte base as clases, pero incluirá ademais lecturas, traballos persoais e outros encontros e xornadas de carácter complementario. O custe da matrícula do curso completo é de sesenta euros e a de cada seminario, de vinte euros.

COMEZO DE CURSO EN "VIDA ASCENDENTE"

O pasado día oito deste mes de outubro tivo lugar, nos locais parroquiais de Nosa Señora do Desamparados de Piñeiros, unha xuntanza de animadores de todos os grupos de "Vida Ascendente" para programar as actividades do novo curso 2013-2014. Nesa xuntanza repartíronse exemplares do Temario "Somos Iglesia viva" que cada curso facilita, desde Madrid, a Comisión Permanente de "Vida Ascendente" e que serve para reflexionar nos grupos.

Por outra banda, o día vinte e dous, ás sete e media da tarde, tivo lugar na

igrexa parroquial de San Salvador de Fonmiñá, na Terra Chá, a inauguración oficial do novo curso cunha celebración que presidiu a o Bispo da Diocese, don Manuel Sánchez Monge e á que asistiron representantes de todos os grupos da Diocese de Mondoñedo-Ferrol. Despois da Eucaristía, os asistentes tiveron una cea de irmandade. O motivo de facer a inauguración en Fonmiñá é que alí creouse un novo grupo de "Vida Ascendente" que comezou a súa andaina o pasado día dezasete cunha xuntanza á que asistiron a presidenta e o consiliario diocesanos.

TALLERES "ORACIÓN E VIDA"

O pasado día once de outubro deron comezo no Centro Parroquial da parroquia de San Xosé Obreiro de Narón os Talleres "Oración e Vida". O lema destes talleres é "Aprender a orar para aprender a vivir". Van ter lugar todos os venres, durante quince semanas, de dezanove a vinte unha horas. As persoas que queiran participar poden pasar pola parroquia de San Xosé Obreiro (no Alto do Castaño – Narón) os venres a partir das dezanove horas ou poñerse en contacto cos seus responsables.

I CONGRESO DIOCESANO DE EDUCADORES CATÓLICOS

O pasado día vinte e seis de outubro tivo lugar no Campus Universitario de Esteiro en Ferrol o I Congreso Diocesano de Educadores Católicos que, co lema "recuperar la alegría de la fe", organizou a Delegación Episcopal de Ensino coa colaboración da Universidade da Coruña, de Edelvives-Grupo Edebé, de SPN Empauxer SL e de PPC – Grupo SM. Participaron os bispos de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Sánchez Monge e de Lugo, monseñor Carrasco Rouco, os teólogos Mario Vázquez e Javier Lorenzo, o historiador Pedro J. González e as responsables da comunidade relixiosa e educativa do colexio Cristo Rei de Ferrol. O congreso deu comezo ás nove e media da mañá coa acollida e a retirada de documentación. As dez tivo lugar o saúdo e unha oración inicial. A primeira ponencia correu a cargo de monseñor Carrasco Rouco, bispo de Lugo, que disertou sobre "A alegría de creer". Ás once e media, Pedro J. González Rodríguez falou sobre "Apuntes sobre la Fe y el mundo de la Cultura". As trece horas tivo lugar o relatorio de Mario Vázquez "Testigos del Evangelio en la Universidad". Despois do xantar, ás catro da tarde, mostráronse dúas experiencias educativas: unha sobre "Carisma e innovación en los tiempos actuales" que presentaron Ana María Fontes Mosquera, superiora da comunidade "Hijas de Cristo Rey" de Ferrol, e Elena Grandal Piñeiro, directora pedagóxica. Unha segunda experiencia: "Una asignatura apasionante" foi presentada por Javier Lorenzo Sánchez, teólogo, canonista e profesor de Relixión. A derradeira ponencia correu a cargo de don Manuel Sánchez Monge, bispo de Mondoñedo-Ferrol, que falou sobre "El carácter luminoso de la fe". No acto de clausura, ás dezaoito quince, interviu o alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela.

Galicia

C. Quintela

DIOCESES

ARCHIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CURSO DE FORMACIÓN EN MATRIMONIO E FAMILIA PARA GALICIA

Curso de Formación en Matrimonio e Familia (CFMF) xorde para abordar, desde unha visión integral do ser humano á luz da fe, esta cuestión do amor. Profundar na verdade do amor é o obxectivo deste CFMF, dirixido a matrimonios, sacerdotes, familias e outros axentes de Pastoral Familiar.

O CFMF é un proxecto que nace desde Galicia e para Galicia. Por iso buscouse ofrecer ás familias e matrimonios de Galicia que desexen acudir as máximas facilidades para facelo posible: unha periodicidade e un horario que resulten asumibles, a atención aos fillos, unha proximidade xeográfica para toda Galicia.

NOMEAMENTOS NO CABIDO DA CATEDRAL DE SANTIAGO

O Sr. Arcebispo de Santiago de Compostela, Don Julián Barrio Barrio, nomeou Delegado episcopal de Patrimonio y Administración da Catedral de Santiago a don Segundo Leonardo Pérez López, que segue sendo Deán Presidente do Cabido e Cóengo arquiveiro-bibliotecario. O anterior Delegado era don Daniel Carlos Lorenzo Santos, que segue sendo Presidente da Fundación Catedral de Santiago. Tamén Cóengo penitenciario a don Juan Luis María Filgueiras Fernández, que cesa como Cóengo Prefecto de Cerimonias. O anterior Cóengo Penitenciario era o M.I. Sr. Don José Esmorís Cambón que pasou a Cóengo Emérito. E finalmente Cóengo prefecto de cerimonias a don Elisardo Temperán Villaverde, que cesa como segundo mestre de cerimonias. Segue sendo Secretario Accidental do Cabido.

DIOCESE DE OURENSE

RESTAURACIÓN DO PÓRTICO DO PARAÍSO

O Conselleiro de Cultura visitou o 21 de outubro, acompañado polo Sr. Bispo, o Sr. Deán e o Delegado diocesano de Patrimonio, as obras de restauración levadas a cabo no Pórtico do Paraíso da Catedral de Ourense. Estas obras foron financiadas pola Consellería.

PREMIO MANUEL IGLESIAS

Co gallo de manter o legado intelectual, cultural e relixioso do que fora párroco de Celanova ó longo de dúas décadas, D. Manuel Iglesias Grande, a familia, axudada agora pola Academia de San Rosendo, convoca un premio anual de investigación.

DIOCESE DE TUI-VIGO

UNHA EXPOSICIÓN DE PEDRA, AUGA E LUZ EN HONOR DA VIRXE DE "A FRANQUEIRA"

O pasado día 27 de setembro, Mons. Luís Quinteiro Fiuza, Bispo da diocese de Tui-Vigo acompañado do Alcalde vigués, inaugurou na Casa das Artes desta última cidade, unha exposición de arte sacro titulada "Magníficat".

Con motivo da celebración do Ano da Fe e do Ano Xubilar da Virxe da Franqueira - nos 50 anos da súa coroación canónica-, decidiuse expoñer ata o 27 de outubro e en tres apartados moi catequéticos, a arte, a historia, a tradición e a devoción desta secular imaxe da Virxe da Franqueira. "É a proxección cultural que queremos dar a este gran acontecemento, que ao longo de todo este ano, congregou a milleiros de fieis que se achegaron ao Santuario da nosa Señora a felicitala por estas vodas de ouro", di don Javier Alonso Docampo, reitor do santuario mariano situado nas montañas do Paradanta . Díxose moito acerto que a exposición "Magnificat" ven ser o broche de ouro deste Xubileo da Franqueira, que atraeu ao longo do ano a multitude de devotos e peregrinos.

Axenda

CELEBRACIÓN DE SANTOS E DEFUNTOS

Di o refraneiro respecto do mes de novembro: "ditoso mes que comeza con Santos e remata con San Andrés". De feito a este mes tamén se lle chama o "mes de Santos" ou o "mes de San Martiño". Precisamente ó día primeiro celébrase a Festa de Todos os Santos e o día dous, o Día de todos os defuntos. Na tarde do día primeiro é tradicional a visita ós cemiterios no que se limpan as sepulturas e se adornan con flores. E o día da lembranza especial dos que nos antecederon e da oración por eles.

FESTA DO SAN MARTIÑO

Un das festas de moita raigame en Galicia é a festa de San Martiño de Tours que se celebra o día once de novembro. Na nosa terra hai duascentas trinta e cinco parroquias baixo o patrocinio de San Martiño sendo a cuarta advocación despois da Virxe María, San Pedro e Santiago. Na Diocese de Mondoñedo-Ferrol hai vinte e dúas parroquias que o teñen como titular. Quen promoveu o seu culto en Galicia foi outro San Martiño, o de Dumio.

CONCERTO SOLIDARIO EN FOZ

O Colexio "Martínez Otero" vai ser o marco que acolla, desde as vinte ás vinte unha trinta horas do sábado, día dezaseis de novembro, un Concerto solidario de Luis Guitarra. Este Concerto está organizado por Cáritas da Unidade Pastoral de Foz. A entrada é libre podendo cada quen aportar o crea conveniente para Cáritas da devandita Unidade Pastoral.

DÍA DA IGREXA DIOCESANA

O domingo, día dezasete de novembro, vai celebrarse o Día da Igrexa Diocesana. Ten como finalidade a toma de conciencia de pertenza á Igrexa de Xesús que peregrina nun territorio concreto, no noso caso no territorio que abrangue a Diocese de Mondoñedo-Ferrol: o norte das provincia de A Coruña e de Lugo. O lema deste ano é "A Igrexa con todos ó servizo de todos. Axuda á Igrexa, gañaremos todos".

CLAUSURA DO ANO DA FE

O domingo, día vinte e catro de novembro, ás cinco da tarde, a Santa Igrexa Catedral Basílica de Mondoñedo vai acoller a Eucaristía coa que que se vai clausurar o Ano da Fe. Esta Eucaristía vai estar presidida polo bispo da Diocese, monseñor Sanchez Monge. O Ano da Fe, como é sabido, foi convocado polo Papa Benedicto XVI e deu comezo o once de outubro do pasado ano dous mil doce.

CAMPAÑA DAS PERSOAS SEN FOGAR

Caritas diocesana celebrará tamén o domingo vinte e catro a súa Campaña das "Persoas sen Fogar". Ao longo desa semana desenvolverá distintas actividades de sensibilización e participación cidadá para explicar o lema da campaña deste año "Ningúen sen saúde. Ninguén sen fogar". Entre estas actividades: una rolda de prensa, un flashmobe, lectura pública dun manifesto, exposición de carteis, etc. Para saber máis: http://www.caritas.es/mondonedoferrol/ e https://www.facebook.com/#!/groups/nadiesinhogar/

Internet y Redes Sociales

Por Carlos Alonso Charlón

Los tuits del papa Francisco

Octubre de 2013

Seguir a Jesús significa ponerlo en primer lugar, despojándonos de tantas cosas que ahogan nuestro corazón.
Día 19

Nuestra oración no puede reducirse a una hora el domingo; es importante tener una relación cotidiana con el Señor.
Día 17

Queridos jóvenes, no tengáis miedo a dar pasos definitivos en la vida. Tened confianza, el Señor no os abandonará.
Día 14

¡Señor, ten piedad! Muchas veces nuestras vidas cómodas nos ofuscan y nos impiden ver a los que mueren a nuestro lado (Lampedusa).
Día 12

El misterio de la cruz, misterio de amor, sólo se puede comprender en la oración. Rezad y llorad de rodillas ante la cruz.
Día 10

Queridos jóvenes, tenéis muchos proyectos y sueños para el futuro. ¿Ponéis a Cristo en el centro de vuestros proyectos y de vuestros sueños?
Día 5

¿Rezamos de verdad? Sin una relación constante con Dios es difícil llevar una vida cristiana auténtica y coherente.
Día 1

Puedes seguir al papa en Twitter a través de @pontifex_es y a la diócesis en @mondonedoferrol

Recomendaciones en www

Glosario de términos religiosos

La recomendación del mes nos lleva a visitar la página web del Servicio de Información Católica de la Comisión Episcopal de Medios de Comunicación (Agencia SIC). Seguro que ya es conocida desde hace tiempo por su presencia en Twitter y Facebook. Podemos afirmar que es uno de los referentes informativos de la Iglesia en España.

Junto a las noticias, los boletines y los reportajes, encontramos un excelente recurso web como es este Glosario de términos religiosos: un repertorio que, a través de más de 500 voces, ofrece definiciones elementales y directas, relacionadas con la terminología propia de la liturgia, la vida monástica y eclesial en general. Una magnífica opción para la comunidad educativa, los catequistas y los agentes de pastoral que están trabajando en el ámbito pastoral en nuestra diócesis. Se puede consultar a través del link: www.agenciasic.com/glosario

Cada último Xoves de mes en La Voz de Galicia
www.mondonedoferrol.org
dumio
Páxinas en galego subvencionadas por:
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

O equipo de redacción de Dumio quere agradecer todas as felicitacións e suxestións que recibiu de moitas persoas e institucións. No noso afán de seguir mellorando, comunicamos ós nosos lectores que estamos abertos a todo tipo de colaboración. Poden facernos chegar as súas aportacións a través do noso enderezo postal ou electrónico.